

“Mentres a xustiza non estea conseguida, peléxase” José Martí

arredista! 6

Número especial
Asemblea Nacional do BNG

Movemento Galego ao Socialismo

xaneiro de 2012



O ESPAZO DA ESQUERDA O TEMPO DA SOBERANÍA

Un Bloque sen GPS

O MGS encara a Asemblea Nacional coa vista posta no debate das ideas e non no combate por cargos. A prioridade é consolidar o papel do BNG como ferramenta para conquistar a soberanía, ao servizo dun novo modelo económico e social que teña na maioría social traballadora o seu referente básico, para unha transformación da sociedade desde a esquerda.

2 Dous anos despois da última asemblea, non podemos darnos por satisfeitos coa tímida mudanza emprendida. É certo que houbo unha mellora no discurso e na práctica e unha posición máis acertada no plano internacional. Porén, mantivéronse graves vicios: unha situación interna convulsa, alianzas incoherentes –continuísmo nos pactos co PSOE ou na aposta fracasada de Galeuscat– e casos desoladores no día a día, a presenza institucional en actos relixiosos ou castreños, ou a privatización de servizos públicos en administracións que gobernamos.

Tamén é grave a continua posta en causa, por sectores relevantes do BNG, de sinais de identidade como o frentismo e o asemblearismo. Exemplos desta ofensiva son os manifestos de alcaldes que se arrogan unha posición superior ao resto da afiliación ou a proposta de primarias abertas, ao máis puro estilo estadounidense. Estas iniciativas, lonxe de representaren unha apertura á sociedade –a fórmula que encobre todas as renuncias– impoñen unha axenda mediática e personalista.

Os debates, onde hai que dalos

A defensa das ideas propias é unha expresión natural do pluralismo frentista e un dereito de calquera militante. Porén, a continua externalización dos debates aos medios de comunicación –especialmente no noso contexto– só serve para desacreditar publicamente o BNG no seu conxunto.



TEMOS CLARO QUE NADA COMEZA E REMATA NESTA ASEMBLEA, QUE ALGÚNS INSISTEN EN PINTAR COMO A BATALLA FINAL

O MGS sempre expresou as súas posicións e discrepancias en termos respectuosos cos demais e polas vías internas, sen facer o xogo a aqueles que só queren condicionar a liña política do BNG. Sabemos que esa renuncia voluntaria puido contribuir á invisibilización do MGS. E aínda así rexeitamos este uso espurio dos medios de comunicación, que só fai dano ao Bloque e en nada axuda a crear un ambiente de colaboración, confianza e fraternidade.

Unha práctica acorde cos principios

A recuperación dos sinais de identidade e da credibilidade social do BNG vai ser un camiño longo. Lonxe de visións apocalípticas, temos claro que nada comeza nin acaba nesta asemblea, que algúns insisten en pintar como a batalla final. Por exemplo, a defensa da democracia participativa. Por iso propuxemos desde o MGS, mediante unha emenda de reforma dos estatutos do BNG, a derogación do sistema de delegación para participar nas asembleas nacionais. Esta emenda foi aceptada polo Consello Nacional do día 21 de xaneiro e, caso de ser aprobada no plenario da Asemblea, marcará a recuperación dun dos trazos distintivos do BNG, que no seu momento fora abandonado coa indisimulada intención de nos homologar, tamén no aspecto organizativo, aos partidos do sistema.

Así, no noso voto particular e nas emendas que presentamos desenvolvemos a nosa análise da situación actual, que pode sintetizarse en:

- A actual crise é económica e política, derivada da propia natureza do capitalismo e non dos seus excesos. Non cabe sermos condescendentes coa Unión Europea, unha institución antidemocrática creada ao seu servizo. As medidas de axuste estrutural supoñen a destrución dos sectores produtivos, o aumento do desemprego, o desamparo dos máis vul-

nerábeis, a privatización dos servizos públicos e o desmantelamento do dereito do traballo. É urxente ademais unha visión ambiental da economía, para evitarmos o desastre ecolóxico ao que nos dirixe o capitalismo mediante o uso sustentábel dos recursos e a paisaxe.

- A autonomía non é un éxito no camiño do autogoberno, senón un narcótico para as aspiracións dos pobos. O nacionalismo galego debe aspirar a superar o modelo autonómico e presentar á sociedade unha proposta soberanista, baseada no exercicio do dereito de autodeterminación.

- Dos sistemas de dominación existentes no mundo, o máis antigo é o que asoballa a metade da poboación. Só poderemos avanzar nunha sociedade realmente xusta, equitativa e democrática se garantimos a plena igualdade das mulleres e a abolición do patriarcado.

- Somos conscientes de que a intervención electoral e institucional é insuficiente para lograr os nosos propósitos. O nacionalismo galego debe gañar a hexemonía a través da participación referencial no tecido asociativo, sindical, cultural e veciñal.

O papel do MGS

O MGS pretende amparar estes principios no BNG mediante a presentación dunha candidatura ao Consello Nacional. A nosa motivación é defendermos un espazo político que sirva para seguir corrixindo a liña institucionalista e claudicante que caracterizou a etapa anterior á asemblea de 2009 e para evitar a tentación de repetir aqueles erros. Hai unhas correntes que vogan en sentido contrario e outras que din que agora rectificaron. Nós comprometémonos a seguirmos sendo totalmente previsíbeis: nin mudar co vento, nin sometermos a negociación os nosos principios.

Avante co BNG!

OS DEBATES MEDIÁTICOS QUE DANAN O BNG

Estes dous meses previos á XIII Asemblea Nacional teñen sido obxecto dun feroz ruído mediático, en paralelo e de forma que condicionaba os debates orgánicos que se teñen producido no seo do BNG, e que máis que ter contribuído a situar as distintas propostas para facer do BNG unha ferramenta máis útil para a liberación nacional e social de Galiza, só ten alimentado unha espiral destrutiva de declaracións, rumores, e descalificacións que só contribuíron a danar a imaxe do conxunto do BNG.

4

O domingo día 20 de novembro celebrábanse eleccións xerais. Ao día seguinte, luns, o Encontro Irmandiño daba una rolda de prensa en Compostela para valorar os resultados. O martes, os xornais anunciaban en titulares que o El ameazaba con deixar o Bloque se non se refunda; que Xosé Manuel Beiras consideraba que o BNG está “moi enfermo” e que se a actual dirección da fronte “considera que estamos no mellor dos mundos posibles”, isto supón “traizoar ao pobo galego” e pretender ser un aparato “parásito e reproducirse orgánicamente como prantas carnívoras” perpetuándose eles mesmos.

Con esta rolda de prensa, convocada curiosamente xa o venres 18 de novembro, daban o pistoletazo de saída cara á Asemblea Nacional do BNG e poñían en marcha unha campaña electoral ao uso das denominadas “suxas” ou “negativas”. Un modelo de campaña de marketing político, amplamente estudada polos teóricos da Comunicación que se basea no descrédito persoal ou colectivo, no insulto e que, neste caso, incluía ademais, como elemento fundamental, a chantaxe. Non era esta a primeira vez que o El recorría a este tipo de mensaxes en negativo, aínda que nunca con tal dureza. Nin tampouco foi o Encontro o único que saíu aos medios de comunicación para descualificar as políticas, as formas e ás persoas que conforman o BNG e que son, aínda, compañeiras de organización.

A partir dese momento sucedéronse en constante pingueira, até hoxe, as saídas en prensa, as entrevistas, as aparicións televisivas, as columnas dos sisudos analistas políticos e as filtracións. Puidemos saber dos debates nos Consellos Nacionais, das posición que supostamente mantivo cada quen e mesmo de debates internos de asembleas comarcais. Filtracións, nalgún caso acompañadas, a posteriori, por notas como a emitida por EN, pedindo nin máis nin menos que unha rectificación pública a un militante que fixera unha valoración política interna.

+Galiza sumouse de contado, como xa fixera con anterioridade, ao modelo de campaña pública, non tan agresiva, pero igual de ‘transparente’ e recorreu novamente aos seus alcaldes e alcaldesas para elaborar un manifesto no que explicaban ao resto da militancia o camiño a seguir para acadar o trunfo electoral, apropiándose do traballo colectivo da militancia. E a apenas unha semana da Asemblea Nacional, quen saía era o ex senador Pérez Bouza para advertir que “hai vimbios” abondo para una nova formación “cos pés na terra” á que se poderían sumar miles de militantes.

Este modelo de campaña ten un efecto normalmente desmobilizador, provoca cansazo entre a militancia e un descrédito social xeralizado das propias siglas do BNG. Pero sobre todo, se xa é moi cuestionado pola súa falta de ética nunha contenda electoral á que se presentan organizacións políticas diferentes, tanto máis o é, cando a quen se pon en cuestión é á propia organización na que se milita.

Así non, compañeiras e compañeiros: é preciso que os medios de comunicación non se erixan no lugar onde se critica os compañeiros e compañeiras, onde se informa a militancia e onde se desenvolve por defecto os debates que non se dan ou non se queren dar nos organismos internos do BNG. ■

É PRECISO QUE OS MEDIOS DE COMUNICACION NON SE ERIXAN
NO LUGAR ONDE SE CRITICA OS COMPAÑEIRO E COMPAÑEIRAS
E ONDE SE DESENVOLVEN OS DEBATES QUE NON SE DAN
OU NON QUEREN DAR NOS ORGANISMOS INTERNOS DO BNG



RAFAEL VILAR E NOA PRESAS

A Asemblea Nacional debe servir para reforzar o BNG como instrumento ao servizo das clases populares e da soberanía nacional



6

A compañeira Noa Presas e o compañeiro Rafa Vilar formaron parte do Consello nacional do BNG -como integrantes da candidatura “Máis Alá” promovida polo MGS- desde a Asemblea nacional extraordinaria de maio de 2009. Transcorrido este período de case tres anos, fan un breve balanço desta etapa nos organismos de dirección da fronte nacionalista, ao tempo que falan das propostas que o MGS fai no seo do BNG nesta Asemblea Nacional.

En primeiro lugar, pediríamosvos que fixesedes unha avaliación deste período desde a anterior Asemblea nacional do BNG a hoxe, partindo ademais da actual conxuntura económica e social.

RAFA. Ben, nin que dicir ten que este foi, a nivel xeral, un período intenso e convulso. Dunha parte, viamos que se agudizaba a ofensiva capitalista, con efectos devastadores para as clases populares, e nomeadamente para a clase traballadora, con laminación de dereitos sociais e laborais,

acompañado isto dunha perda importante da calidade democrática, coa imposición das políticas neoliberais e a ditadura do capital financeiro. E viamos tamén como os diferentes gobernos do noso contorno se comportaban como simples xerentes dos intereses do capital, sen lles importar que está a pagar realmente os custos da crise.

NOA. Si, e iso en Galiza, como nación dependente da periferia europea, acabou por traducirse nun importante incremento de desemprego (sobre

todo, xuvenil mais non só), nunha cada vez máis difícil situación dos nosos sectores produtivos e, en definitiva, nun retroceso na calidade de vida para amplísimos sectores do noso pobo.

Tampouco p esquecer que neste lapso de tempo se produciu a convocatoria de tres citas electorais (europeas, municipais e xerais) e de dúas folgas xerais en Galiza, así como doutras importantes mobilizacións sociais (en defensa da lingua, da sanidade e ensino públicos...).

E nese contexto que describides, cal o foi o papel do BNG?

NOA. Pois, efectivamente, ese é o contexto en que tivo que operar o BNG. Un BNG que, dito sexa de paso, saíra da Asemblea extraordinaria de 2009 sen realizar unha análise de fondo sobre as causas que o levaran a esa importante perda de credibilidade social na última década. Xuntamente con iso, con esa falta de análise, o certo é diferentes sectores da organización frontista optaron por non asumir democraticamente o resultado saído desa asemblea, en canto á composición dos organismos de dirección e ao tímido cambio de rumbo que se propuña na acción política do BNG. Por tanto, neste período o papel do BNG estivo demasiado lastrado pola falta de convicción de determinados sectores respecto á posta en marcha dunha nova liña política, así como por unha estrutura interna na que hoxe o excesivo peso do institucionalismo imposibilita unha organización máis participativa e dinámica.

RAFA. Nós temos claro, ademais, que o BNG estaba -e está- chamado a ser o gran referente do combate político e social contra o neoliberalismo e a prol do dereito de decidir de Galiza. E para iso, cómpre un debate clarificador a ese respecto e cómpre que a organización no seu conxunto aposte por facer do BNG ese referente. E ese si que sería un BNG realmente útil. Útil para traballar a prol dun outro modelo económico e social, e útil para transcender o actual marco xurídico-político e conquistar a soberanía.

Cal entendedes vós que foi o contributo do MGS ao BNG este tempo?

RAFA. O MGS neste período tivo presenza nos organismos de dirección nacionais (Executiva e Consello nacional) e nas diferentes estruturas comarcais e locais. Obviamente, non unha gran presenza mais si unha presenza relevante. E dicimos isto na medida en que a nosa presenza e participación contribuíu á adopción de determinadas medidas na acción

” O DEBATE CENTRAL DEBE SER O DEBATE DAS IDEAS, O DAS PROPOSTAS, TANTO DE LIÑA POLÍTICA COMO ORGANIZATIVA

política do BNG, algunhas das cales creaban reticencias en sectores do BNG con gran peso específico hoxe na dirección da organización. Posibelmente, a máis importante destas medidas teña que ver coa recuperación do traballo mancomunado co sindicalismo nacionalista, coa CIG, o que se demostrou na campaña social contra a crise e no apoio explícito do BNG a dúas folgas xerais que promoveu a CIG no noso país, unha delas ademais en solitario.

Abondando nisto, nós viñemos propugnando un BNG máis social, non un BNG encastelado no labor institucional, e por tanto un BNG que teña na mobilización social unha ferramenta fundamental da acción política a desenvolver.

Centrándonos nesta XIIIª Asemblea nacional. O MGS presenta candidatura propia ao Consello nacional. Cal foi a motivación disto?

NOA. Primeiramente, cabe unha aclaración. Para o MGS o central desta XIIIª Asemblea nacional do BNG non é nin pode ser un debate de nomes e, xa que logo, de candidaturas. O debate central debe ser o das ideas, o das propostas, tanto as referidas á liña política como a cuestións de tipo organizativo. Ao noso ver, isto debe quedar claro.

Xa a respecto da pregunta formulada, nós pensamos que a presentación dunha candidatura do MGS ao Consello nacional non é ningunha sorpresa. Non o é, desde logo, para a base militante do BNG, que sabe que nós somos unha das correntes organizadas que opera no interior do Bloque. De feito, nas dúas últimas asembleas nacionais (en 2006, como Movemento pola Base, e xa en 2009 como MGS) vimos presentando candidatura propia ao Consello nacional. Alén diso, nos debates

preassemblearios abertos o MGS presentou as súas propostas ao conxunto da militancia do BNG, realizou actos abertos aos militantes por todo o país, etc.

Por outra parte, pensamos que resulta coherente e que segue unha lóxica que o MGS presente unha candidatura na Asemblea nacional do BNG. O noso empeño é fortalecermos un espazo soberanista e de esquerdas no Bloque, que contribúa a que o BNG se resitúe como forza política para a transformación social, desde os postulados de esquerda non asimilada e desde a defensa dos dereitos políticos da nación galega.

Entón, cales son as propostas de debate que leva o MGS a esta Asemblea.

NOA. As nosas propostas chegan a esta Asemblea nacional a través dun voto particular e a través tamén dun conxunto de emendas ás “teses oficiais” a debate. O voto particular é un texto no que pretendemos condensar a nosa análise da actual conxuntura política, económica e social e das alternativas que como BNG cómpre dar a esa conxuntura. E isto tendo en conta a necesidade de que o BNG como instrumento político ten que mellorar as súas capacidades orgánicas. Nese sentido, nós facemos unha aposta clara por un BNG plural, que debe reforzar o seu carácter assembleario e o seu carácter frontista. Por tanto, a reactivación do traballo militante e a participación das bases do BNG na decisión da liña política son, desde o noso punto de vista, aspectos sobre os que cómpre traballar como organización. E ten que existir esa vontade explícita para o facer.

RAFA. Efectivamente. E no actual momento histórico, o BNG debe apostar claramente por ser o referente político da oposición ás políticas neoliberais que hoxe ameazan con laminar dereitos sociais e laborais. E ao mesmo tempo, debe ser tamén o referente político á hora de construírmos un outro modelo económico e social, que supere o actual. É obvio que isto esixe, ademais e en paralelo, traballar pola conquista da soberanía política de Galiza. E cando dicimos soberanía política, hai que entender que nós temos claro (ao igual, por certo, que a maioría das forzas políticas e sociais do nacionalismo vasco e catalán) que o “reformismo estatutario” é unha vía periclitada e definitivamente esgotada no Estado español.

E as emendas presentadas...

” O “REFORMISMO ESTATUTARIO” É UNHA VÍA PERICLITADA E DEFINITIVAMENTE ESGOTADA NO ESTADO ESPAÑOL

RAFA. Ben, en canto ás emendas presentadas temos que dicir que algunha delas xa foi incorporada ás “teses oficiais” tras o debate habido nas asembleas comarcais. Se cadra, a máis significativa destas sexa a que reclamaba que as asembleas nacionais do BNG volvesen ser abertas ao conxunto da militancia e non estivesen rexidas polo sistema de delegación. E sendo certo que obviamente nós non eramos os únicos que defendíamos isto, tamén o é que fomos quen máis perseveramos para que se transformase en realidade, e de aí que nós sintamos reconfortados con esta decisión de recuperar o assemblearismo tamén nas conclaves nacionais do BNG.

NOA. Si, e canto ao resto de emendas a debate van na liña de demandar un BNG máis social, máis implicado socialmente, un BNG máis soberanista e un BNG que non vacile á hora de se situar nas coordenadas político-ideolóxicas da esquerda, e isto obviamente ten que ter o seu correlato na reorientación das relacións internacionais.

E por último, que agardades desta Asemblea nacional?

NOA. Por unha parte, que haxa debate, debate de fondo, debate de ideas, porque iso é para nós o primordial. A nós gustaríanos que dese debate saíse un BNG fortalecido, clarificado en canto a liña política a seguir e coas melloras organizativas precisas para afrontar este novo período.

RAFA. Igualmente, nós non ocultamos que temos a aspiración, entendemos que lexítima, de que o MGS adquira maior peso e maior protagonismo no BNG que saia desta Asemblea, e polo tanto tamén nos seus organismos de dirección. E isto no noso caso é evidente que non ten a ver con ambicións persoais ou con intereses grupais, senón que ten a ver coa aprofundación nunha liña política claramente soberanista e inequivocamente de esquerdas, e cuns métodos de traballo adecuados a esa liña política. ■



A NOSA CANDIDATURA

1. Rafa Vilar González

43 anos. Compostela. Escritor e filólogo. Vinculado ao asociacionismo cultural de base, foi membro dos Consellos Locais de Ames e Compostela e Portavoz Nacional da Plataforma Nunca Máis. Na actualidade, secretario de Acción Social da Executiva Nacional do BNG e concelleiro en Compostela.

2. Noa Presas Bergantiños

24 anos. Ourense. Filóloga. Estudante do máster docente. Foi responsábel local de Galiza Nova-Ourense. Membro do Consello Nacional do BNG e da Dirección Nacional de Galiza Nova. Responsábel da Comisión Nacional de Medio Ambiente.

3. Pedro Pérez Caride

42 anos. Fornelos de Montes. Traballador da seguridade. Concelleiro do BNG e voceiro municipal. Membro do Consello Comarcal e da Executiva do BNG en Vigo. Membro da Executiva Nacional da Federación de Servizos da CIG.

4. Ximena Mariel González Ataide

32 anos. Ourense. Membro do Consello Local do BNG en Ourense. Activista da Marcha Mundial das Mulleres. Foi Responsábel de Campus dos CAF na Coruña.

5. Antón Somoza Caxato

32 anos. Lugo. Doutor en Humanidades. Foi Concelleiro do BNG en Lugo e Responsábel Comarcal de Galiza Nova. Directivo da Asociación Cultural Cultura do País, de Lugo.

6. Laura Arjonilla Cristóbal

23 anos. Compostela. Politóloga e estudante de Dereito. Membro da Dirección Nacional e da Permanente de Galiza Nova. Membro do Consello Local do BNG de Compostela e do Consello Nacional da Liga Estudiantil Galega.

7. Xoan Carlos Sar Oliveira

37 anos. Fisterra. Peixeiro. Responsábel local do BNG.

8. Soedade Fernández Silva

40 anos. Pontevedra. Sindicalista da CIG e membro da Executiva Comarcal. Vencellada ao movemento veciñal.

9. Roi López Carmona

24 anos. Pantón. Estudante e labrego. Responsábel Comarcal de Galiza Nova na comarca de Lugo Sul. Activista cultural e integrante dunha banda de música tradicional.

10. Pilar Rodríguez Pérez

33 anos. Vigo. Enfermeira no Hospital Xeral de Vigo. Membro do Consello Local do BNG de Vigo. Membro da Executiva Comarcal da CIG de Vigo e da CIG-Saúde.

11. Xosé Antón de la Fuente Subiela

46 anos. A Laracha. Foi concelleiro do BNG na Laracha durante 13 anos. Secretario da ANPA "Manuel Murguía", do IES Agra de Leborís, da Laracha.

12. Paulina Mouzo Fernández

32 anos. Fisterra. Traballadora autónoma. Foi Responsábel Local do BNG. Colabora en asociacións locais e comarcais do ámbito cultural, musical, educativo e do sector turístico.

13. Anxo Sánchez García

22 anos. A Coruña. Estudante de Enxeñaría Informática. Militante de Galiza Nova na Coruña e membro do Consello Nacional da Liga Estudiantil Galega. Foi Secretario Xeral dos CAE.

14. Paula Castro Lago

42 anos. Ames. Xornalista. Actualmente forma parte do Consello Comarcal de Compostela e do Consello Local de Ames sendo con anterioridade Responsábel Comarcal.

15.- Breixo Lousada Valdés

28 anos. Vigo. Sindicalista. Membro da Permanente de Galiza Nova. Formou parte do Consello Comarcal do BNG na Coruña e Pontevedra. Responsábel Nacional de Organización de Isca!

16. Iria Pérez Alonso

27 anos. Vigo. Licenciada en Publicidade e Relacións Públicas. Responsábel Local de Galiza Nova en Vigo e membro do Consello Local do BNG.

17. Xosué Campos Laxes

25 anos. Tui. Comercial. Membro do Consello Local do BNG. Foi do Consello comarcal do BNG e Responsábel de Galiza Nova no Baixo Miño. Participa na Asociación Cultural "Seixos Albos".

18. Alba Fidalgo Bugarín

33 anos. Ponteeareas. Obreira metalúrxica na empresa de automoción Alymosa, no Porriño. Participa activamente na CIG.

19. Vítor Vázquez Gulías

29 anos. O Carballiño. Monitor de xardinaria e horticultura na Consellaría de Traballo e Benestar. Monitor forestal en Forga.

Vicerresponsábel Local do BNG no Carballiño. Portavoz da Agrupación Cultural Avantar do Carballiño.

20. Sila Cela Ferreiro

22 anos. Lugo. Estudou Comunicación Audiovisual. Vicerresponsábel comarcal de Galiza Nova en Lugo.

21. Xulio Fernández Carnero

31 anos. Melide. Traballador do SLG. Foi responsábel comarcal de Galiza Nova na comarca da Montaña.

22. Jéssica Beiroa Fernandes

28 anos. Teo. Xornalista. Membro do Consello da Asociación Galega da Língua. Imparte aulas de música tradicional.

23. Xavier Castro Martínez

33 anos. Quiroga. Avogado. Concelleiro do BNG. Activista musical e vocalista de Raiba.

24. Adelaida Vidal Vizcaya

25 anos. A Coruña. Actriz, escritora e estudante de Psicoloxía.

25. Gustavo Barcia Seixo

26 anos. Mos. Músico e estudante de Historia na UNED. Responsábel local do BNG de Mos.

26. Lucía Freire Ces

38 anos. Natural de Brión. É delegada da sección sindical de Lorenzo Froiz e membro da Executiva Comarcal da CIG.

27. Xosé Anxo Noceda Carballo

43 anos. Compostela, natural de Fene. Licenciado en Bioloxía. Sindicalista e Secretario comarcal da CIG de Compostela. Membro do Consello Local do BNG.

28. Carne Rei García

50 anos. Compostela. Traballadora da USC. Participa no movemento veciñal.

29. Ramón González González

35 anos. Lugo. Conserxe do IES de Castro de Ribeiras do Lea. Membro da Asociación de Veciños do barrio da Milagrosa. Directivo da Asociación Cultural Cultura do País, de Lugo.

30. Ana Corbelle Cacabelos

19 anos. Cambados. Estudante de Filoloxía en Compostela, é responsábel da Liga Estudiantil Galega no seu centro.

31. José Emilio Vicente Caneda

31 anos. Pontevedra. Xornalista e profesor de secundaria. Foi secretario xeral de Galiza Nova. Activista do CS A Revira.

32. Raquel Vázquez Vázquez

26 anos. Chantada. Estudante de Filoloxía Galega e traballadora do telemarketing en Vigo. Delegada sindical da CIG na

empresa Unísono. Membro da Liga Estudantil Galega.

33. Antonio Rosales Pedrouso

36 anos. Bueu. Traballador da ITV, onde exerce de delegado sindical da CIG.

34. Ana Aguiar Martínez

45 anos. Vigo. Traballadora social. Participa no movemento asociativo e veciñal.

35. Fernando Xesto Montes

37 anos. A Laracha. Foi responsábel local do BNG. Forma parte da directiva da ANPA do CEIP Otero Pedrayo da Laracha, e é secretario da Asociación Veciñal "A Cutareira".

36. Ilda Blanco González

31 anos. Ourense. Bióloga e profesora de secundaria.

37. Héctor López de Castro

34 anos. Compostela, natural de Foz. Avogado laboralista. Participa en colectivos culturais e de defensa das liberdades públicas. Membro do Consello e da Executiva Comarcal.

38. Isabel Moares Rei

35 anos. Natural de Rianxo. Presidenta do Comité de Empresa do 112 en Galiza.

39. Xosé Miguel Pérez Bleuca

26 anos. San Xoán de Río. Traballa como enxeñeiro de telecomunicacións no sector do metal en Compostela. Participa en Siareir@s Galeg@s e coordena a Liga Nacional de Billarda. Participa no local social Faisca.

40. Teresa Rodríguez Vilaseco

42 anos. Compostela. Psicológa. Colaboradora de Xiara, a primeira asociación galega de empregadas do fogar. Foi membro do Consello Local do BNG de Compostela.

41. Antón Castro Ferreiro

23 anos. Lugo. Estudante. Responsábel de Campus da Liga Estudantil Galega. Responsábel Local de Galiza Nova e membro do Consello Local do BNG de Lugo.

42. M^a Luz Pereira Silva

54 anos. Vigo. Xubilada. Activista sindical. Traballou na alimentación e na CIG do Porriño.

43. Marcos Cadórniga López

36 anos. Natural do Saviñao. É membro do Consello Nacional da Federación de CIG-Servizos e da Executiva de Pontevedra.

44. Laura Rodríguez Pena

24 anos. Compostela. Licenciada en Historia da Arte, estuda un posgrao propio da USC. Traballa a tempo parcial. Membro

da Mesa Nacional de ISCA

45. Bieito Álvarez Lobarriñas

53 anos. Gondomar. Mestre e sindicalista da CIG-Ensino. Músico e regueifeiro, é membro da Asociación de Gaiteiros Galegos.

46. Bea Fariñas Garrote

21 anos. Ourense. Estudante de Tradución e Interpretación. Membro do Consello Nacional da Liga Estudantil Galega

47. Pablo Sobrino Nóvoa

20 anos. Ourense. Responsábel de Campus da Liga Estudantil Galega en Ourense. Vicerresponsábel Comarcal e de Ensino de Galiza Nova. Monitor de tempo libre na asociación xuvenil Amencer. Membro da comisión Xalgarete para a promoción da lingua e a cultura galegas.

48. Silvia Cancelas Toucedo

32. Mos. Desempregada do sector do metal e activista sindical da CIG. Estudante.

49. Helena Maio Abeixón

40 anos. Natural de Abelleira, Muros. Licenciada en Económicas. Traballa de administrativa.

50. Antolín Alcántara Álvarez

55 anos. Vigo. Obreiro metalúrxico. Membro da Executiva Confederada da CIG. Foi membro do Consello Comarcal do BNG.

Suplentes:

51. Alba García Golmar

30 anos. Lugo. Veterinaria. Foi responsábel de Campus dos CAF en Lugo. Directiva da asociación Cultura do País, de Lugo

52. Antolín Fernández Álvarez

59 anos. Ourense. Ex-concelleiro do BNG en Montederramo e confundador e primeiro responsábel do BNG de Venezuela en 1982. Foi membro da Executiva Confederada da CIG.

53. Inés López Fernández

24 anos. Pantón. Estudante de Arte e membro da Asociación Cultural O Castro de Pantón.

54. Diego Santóro Moscoso

31 anos. Vigo. Enxeñeiro civil. Traballa a tempo parcial no ensino non regrado.

55. Sandra López Corral

31 anos. Compostela. Traballa de economista.

56. Inácio Pavón Barbagelata

37 anos. Ames, natural de Monforte. Sindicalista e activista do movemento cultural e deportivo de base.

57. Núria Fernández Iglesias

26 anos. Ourense. Funcionaria.

58. Inacio Luxilde Santos

27 anos. Compostela. Politólogo. Foi Responsábel Local de Galiza Nova e membro do Consello Local do BNG.

59. Susana Camba Castro

38 anos. A Estrada. É teleoperadora e delegada da CIG.

60. César Rodríguez Martínez

44 anos. Pontearreas. Traballador do sector naval en Vigo. Responsábel nacional do Naval na CIG-Metal.

61. Silvia Aldrei Becerra

33 anos. Compostela. Filóloga. Foi membro do Consello Comarcal do BNG. Participa no movemento veciñal en Aríns.

62. Carlos Bello Stout

33 anos. Lugo. Traballa de asesor xurídico dunha empresa enerxética. Militante activo da Mesa pola Normalización Lingüística en Lugo.

63. Natividade Fernández Alonso

39 anos. Mos. Traballadora da limpeza no Hospital Xeral de Vigo. Fai parte da Executiva Comarcal da CIG-Servizos.

64. Manuel Cao Muñiz

54 anos. Poio. Foi concelleiro en Poio. Vencellado ao movemento cultural de base. Forma parte do Consello Local.

65. Olalla Conde Seoane

22 anos. Ourense. Traballadora social en proxectos de integración social en escolas e traballa na asociación sociocultural Afrolatina. Activista do feminismo e do deporte de base.

66. Marcos Sumavielle Rodríguez

25 anos. Ourense. Responsábel comarcal de Galiza Nova. Árbitro de fútbol e monitor de tempo libre, traballa en SEAGA como peón de brigada forestal.

67. Laksmy Irigoyen Regueiro

32 anos. Vigo. Licenciada en Filoloxía e traballadora do sector do telemarketing en Vigo, onde é delegada sindical.

68. Santi Alvite Rueda

48 anos. Compostela. Licenciado en Xornalismo e produtor na TVG, sendo membro do Comité de Empresa.

69. Beatriz Rei García

36 anos. Padrón. Forma parte da ANPA de Flavia-Río Sar.

70. Óscar Valadares Ocampo

27 anos. A Estrada. É Secretario comarcal da CIG-Banca de Compostela. Blogueiro e editor de Editora Humana.

A CANDIDATURA QUE PRESENTAMOS AO CONSELLO NACIONAL DO BNG ESTÁ CONFORMADA POR HOMES E MULLERES DE CONTRASTADO COMPROMISO, QUE DESDE O ACTIVISMO SOCIAL E POLÍTICO NOS DIFERENTES CAMPOS E SECTORES DE TRABALLO (POLÍTICO, CULTURAL, FEMINISTA, XUVENIL, SINDICAL, ...) DEFENDEN NA PRÁCTICA UN BNG MÁIS SOCIAL, DE ESQUERDAS E SOBERANISTA.

O BNG PRECISA DE DEFINIR E ACLARAR O SEU PROXECTO POLÍTICO SE QUERE RECUPERAR MAIOR COHERENCIA E CREDIBILIDADE, PERDIDAS EN CERTOS CAMPOS DURANTE ESTES ANOS, E QUE É, EN ÚLTIMA INSTANCIA, O QUE PROVOCOU OS SUCESIVOS DESCENSOS ELEITORAIS.

ENTRE NÓS PRIMA O COLECTIVO E A NECESIDADE DE FALAR DE IDEAS E DE LIÑA POLÍTICA. SOMOS UNHA CANDIDATURA HORIZONTAL PARA AFIRMAR O BNG DESDE A PARTICIPACIÓN DA MILITANCIA NO DEBATE E NA TOMA DE DECISIÓNS.

www.mgs-galiza.org
facebook.com/mgsgaliza
twitter.com/mgsgaliza



**MOVIMENTO
GALEGO AO
SOCIALISMO**